

Internacionales (1864, 1889, 1919, 1938)

Nome que se lle atribúe a varias asociacións a nivel internacional para defender os dereitos dos traballadores

- I Internacional (1864)

Compoñentes

- ♦ Ingleses
- ♦ Alemáns
- ♦ Franceses
- ♦ Italianos
- ♦ Suízos
- ♦ Polacos

Dirixente

Carl Marx: foi quen encabezou a AIT cos seus ideais. Elaborou un manifesto inaugural e a organización da Internacional.

Órganos da Internacional

- ♦ **Asamblea Xeral** que se reunía cada ano nos congresos
- ♦ **Consello Xeral:** despois da Asamblea era o máximo órgano. Estaba integrada por un comité elixido na Asamblea

Organización da AIT

- ♦ **Organización federal:** cada país tiña as súas institucións que representaban á AIT.

Causas da disolución da I Internacional (congreso de Filadelfia no ano 1876)

Organizáronse numerosos congresos nos que se orixinaron numerosos conflitos entre os distintos partidos que os integraron porque non todos opinaban do mesmo xeito.

- **Enfrentamento entre marxistas e proudhonianos**
- **Enfrentamento entre os marxistas e anarquistas:** ambas tendencias diferían nas súas ideas.

Marxismo	Anarquismo
Protagonista da historia: o grupo social	Protagonista da historia: o propio individuo
Iniciativa dos obreiros	Iniciativa dos campesiños
Organización dos obreiros para facer unha Revolución e acabar coa s. capitalista	Revolución espontánea
Dictadura do proletariado	Comunas libres en réxime de autogoberno
AIT centralizada	AIT flexible, con certa independencia
	Afirmaban que Marx era autoritario

Estas diferencias ideolóxicas levaron a **expulsión dos anarquistas** no ano **1872 no congreso de La Haya**. A raíz da expulsión, os anarquistas constitúen a súa propia Asamblea: **Alianza Internacional ou Alianza Antiautoritaria**

- **Comuna de París (1871)**

Toma do poder político en París por unha comuna elixida democráticamente polos cidadáns de París ante a falta de dirección política como consecuencia da derrota de Napoleón III na guerra franco-prusiana (1870)

Guerra franco-prusiana (1870–1871)

Na batalla de Sedán (1870) Napoleón III rendiuse ante as forzas prusianas. O Goberno francés trasladouse a Versalles. Bismarck esixía unha convocatoria para establecer a Paz. A maioría dos integrantes da Asamblea queríanna firmar pero os republicanos radicais e os socialistas negáronse a aceptala porque considerámbana humillante e decidiron votar para continuar a guerra. Os parisiños organizaron un levantamento contra o goberno. Proclamouse a III República francesa. Os tropas do exército francés protagonizou unha terrible represión contra os communards

- II Internacional (1889)

Decisión doutra Internacional

No ano 1889 tivo lugar a celebración do centenario da R.F. Reuníronse en París numerosos sindicatos e partidos socialistas franceses e decidiuse formar outra Internacional

Liderazgo

A II Internacional foi liderada polo Partido Socialdemócrata Alemán.

Acordos para evitar os problema da I AIT

- **Autonomía dos países integrantes**
- **Prohibición dos anarquistas**
- **Arma de reivindicación: a folga**
- **Proclamación di día do traballador:** 1 de maio, en memoria a morte de numerosos obreiros que morreran nun incendio provocado por un traballador desa empresa.

Problemas

- **Política internacional: colonialismo**

A Internacionala adoptou dúas posturas contradictorias ante os abusos dos colonos:

Denunciou a explotación dos escravos pero non fixo nada por acabar con ela

- **Ameaza dunha guerra en Europa**

A internacional rexeitaba a guerra, pero os representantes da II internacional, nos seus respectivos países, aprobaban os presupostos para comprar armas.

- **Problemas internos en Alemania**

En Alemania era o Partido Socialdemócrata quen tiña o poder. Xurdiu entón un problema porque Bernstein, un dos integrantes, decidiu revisar as teorías marxistas. Creáronse dúas tendencias dentro do SPD:

- ♦ Reformista: **E. Bernstein**. Bernstein decide revisar as teorías do marxismo (revisionismo do

marxismo). Atopaba erros, por exemplo:

◊ Marx afirmaba que a situación dos obreiros iría empeorando, pero Berstein comproba que non é así.

Entón Berstein chega a seguinte conclusión:

Para cambiar a sociedade é preciso rexeitar a revolución (tal e como dicía Marx) e establecer unha coalición cos partidos burgueses para poder emprender os cambios

◆ Revolucionaria ou ortodoxa: liderada por **K Kautsky**, que se opuña as ideas de Berstein.

Iste problema interno alemán, reflectiuse na II Internacional